

ACTA DA SESIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE DO CONCELLO DE FERROL

Procedemento	Procedemento aberto simplificado/pluralidade de criterios/tramitación ordinaria	
Obxecto	Servizo de produción e execución da Cabalgata dos Reis Magos de 2020	
Número expediente	AVS 05101 19/11	Cívidas 2019114694
Lugar:	Sala de Comisións do Concello de Ferrol	
Data	11 de novembro de 2019	
Hora de inicio	11:00:00	
Hora remate	11:09:00	
Asistentes sen voto	Don Felipe Cotovad Martínez, enxeñeiro municipal e dona Martina Aneiros Barros, representante do grupo municipal PP.	

Presidente:

Don Julián Reina Villalón, concelleiro delegado da área de Urbanismo e Infraestruturas, Mobilidade, Vivenda e Rehabilitación, Contratación, Centro de Recursos Informáticos e Organización Interna.

Vocais:

Don Rogelio Cenalmor Palanca, xefe de servizo de Contratación; don Antonio Golpe Díaz, concelleiro proponente do contrato (Cultura); don Leopoldo Moure García, secretario xeral; don Vicente Calvo del Castillo, interventor municipal e don Joaquín Martínez Cubero, xefe de servizo (Cultura).

Secretario/a

Dona Flor Maceiras Pérez, xefa de negociado do servizo de Contratación.

A Presidencia da por iniciado o acto.

ORDE DO DÍA

1.- Dar conta das ofertas presentadas ao remate do prazo de licitación; apertura do sobre nº 1 “ Documentación acreditativa do cumprimento de requisitos previos e oferta de criterios dependentes dun xuízo de valor”. Adopción de acordos.

Dase conta do procedemento seguido; da data de remate do prazo de licitación, o día 7 de novembro de 2019 ás 14:00 horas, e das ofertas presentadas transcorrido dito prazo. Dase lectura ao certificado expedido a ditos efectos polo xefe de negociado do Rexistro Xeral:

PLICA	EMPRESA	Rexistro	
		Nº	Data
1	JARABE COMUNICACIÓN, S.L.U.	52405/2019	06/11/2019
2	SERVICIOS DEPORTIVOS GALICIA, S.L.	52736/2019	07/11/2019
3	PRODUCCIONES ARTÍSTICAS CUARZO, S.L.	52739/2019	07/11/2019

De seguido; dase conta de que o apartado 10 do Anexo I do PCAP que rexe na licitación recolle a exención temporal aos licitadores, que se presenten ás licitacións realizadas a través do procedemento aberto simplificado, do requisito de estar inscritos no ROLECE ou, no seu caso, no Rexistro equivalente da Comunidade Autónoma correspondente (artigo 159.4.a) da LCSP,) **sempre que acrediten ter solicitado dita inscrición na data de presentación de ofertas.**

A continuación; se procede coa apertura dos sobres nº 1 “*Documentación acreditativa do cumprimento de requisitos previos e oferta de criterios dependentes dun xuízo de valor*” presentados polos tres licitadores interesados no procedemento e se procede coa revisión do seu contido do seguinte xeito:

- **Sobre nº 1 presentado por JARABE COMUNICACIÓN, SLU que contén:**

MODELO DECLARACIÓN RESPONSABLE (na que constan datos relativos á representación legal da empresa e poder bastante; cumprimento dos requisitos esixidos no artigo 140 LCSP; declaración relativa ao artigo 71 LCSP respecto da limitación, prohibición ou incompatibilidade para contratar; respecto da artigo 86 e artigo 149.3 LCSP sobre empresas vinculadas; dirección a efecto de notificacións electrónicas e outros datos)

(*queda pendente a verificación dos datos relativos ás inscricións no ROLECE e/ou equivalente xa que o licitador non indica datos ou referencias ao respecto)

PROPUESTA SUJETA A EVALUACIÓN DE CRITERIOS QUE DEPENDEN DE UN JUICIO DE VALOR (*queda pendente de revisión e informe técnico)

- **Sobre nº 1 presentado por SERVICIOS DEPORTIVOS GALICIA, SL que contén:**

MODELO DECLARACIÓN RESPONSABLE (na que constan datos relativos á representación legal da empresa e poder bastante; cumprimento dos requisitos esixidos no artigo 140 LCSP; declaración relativa ao artigo 71 LCSP respecto da limitación, prohibición ou incompatibilidade para contratar; respecto das inscricións no ROLECE e equivalente; respecto da artigo 86 e artigo 149.3 LCSP sobre empresas vinculadas; dirección a efecto de notificacións electrónicas e outros datos)

PROPUESTA SUJETA A EVALUACIÓN DE CRITERIOS QUE DEPENDEN DE UN JUICIO DE VALOR (*queda pendente de revisión e informe técnico)

- **Sobre nº 1 presentado por PRODUCCIONES ARTÍSTICAS CUARZO, SL que contén:**

MODELO DECLARACIÓN RESPONSABLE (na que constan datos relativos á representación legal da empresa e poder bastante; cumprimento dos requisitos esixidos no artigo 140 LCSP; declaración relativa ao artigo 71 LCSP respecto da limitación, prohibición ou incompatibilidade para contratar; respecto da artigo 86 e artigo 149.3 LCSP sobre empresas vinculadas; dirección a efecto de notificacións electrónicas e outros datos)

(*queda pendente a verificación dos datos relativos ás inscricións no ROLECE e/ou equivalente xa que o licitador non indica datos ou referencias ao respecto)

PROPUESTA SUJETA A EVALUACIÓN DE CRITERIOS QUE DEPENDEN DE UN JUICIO DE VALOR (*queda pendente de revisión e informe técnico)

Considerando as esixencias do artigo 159.4.a) da LCSP; o recollido no apartado 10 do Anexo I do PCAP e á vista das declaracións responsables presentadas polas tres empresas interesadas no procedemento; a Mesa de Contratación Permanente, co voto favorable de todos os vocais asistentes, acordou:

- CALIFICAR favorablemente a declaración responsable presentada no sobre 1 pola empresa SERVICIOS DEPORTIVOS GALICIA SL.
- **CONCEDER UN PRAZO DE SUBSANACIÓN**, ás empresas **JARABE COMUNICACIÓN, SLU e PRODUCCIONES ARTÍSTICAS CUARZO, SL** de **UN DÍA HÁBIL**, para presentar no Rexistro Xeral do Concello de Ferrol a **acreditación de ter solicitado a inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores y empresas clasificadas del Sector Público (ROLECE) ou no Rexistro equivalente da Comunidade Autónoma de Galicia, establecendo como data límite a de presentación de ofertas (07/11/2019 ás 14:horas).**

Remata a sesión. De todo o que, eu, secretaria DOU FE.

DILIXENCIA: *Unha vez aprobada a presente ACTA, na sesión da Mesa de Contratación Permanente celebrada en data.....; asinan dixitalmente o Presidente e a secretaria na data que consta na sinatura dixital.*